



## Plan Proxecta+ Fondos Europeos

### GUIÓN DA ACTIVIDADE CHARLA COLOQUIO SOBRE FONDOS EUROPEOS.

Proposta dunha charla coloquio en cada centro educativo como complemento didáctico ofrecido pola Dirección xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Consellería de Facenda e Administración Pública, da Xunta de Galicia.

**Duración.** 45–50 minutos. A sesión adaptarase ao horario do Instituto de Educación Secundaria, IES, sen prexuízo de poder prolongarse se as necesidades da actividade así o aconsellasen.

**Necesidades Técnicas.** Unha superficie onde a persoa ilustradora poida pegar un papel para realizar a infografía mural. (Pizarra, parede lisa, etc...). Ordenador ou proxecto e pantalla para visualizar un vídeo sobre fondos europeos

#### Sinopse.

Durante o desenvolvemento da sesión, mentres a persoa narradora condutora da sesión expón os contidos relativos á Unión Europea e aos distintos Fondos Europeos, a persoa ilustradora elaborará unha infografía en directo que sintetizará visualmente os principais conceptos abordados.

Este recurso permitirá reforzar a comprensión dos contidos mediante unha ferramenta didáctica complementaria e, ao mesmo tempo, deixará no centro educativo un soporte visual permanente como recordo da actividade.

Fomentarase en todo momento a participación activa do alumnado, promovendo o diálogo e a reflexión, e a exposición adaptarase ao traballo previo realizado polo centro.

#### Estrutura da sesión

Introdución: Breve presentación por parte dunha persoa en representación da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos da Xunta de Galicia

### 1. Introducción e presentación do proxecto: A Unión Europea e as súas institucións (aprox. 15-18 minutos)

#### 1.1. Orixe e finalidade da Unión Europea

- Contexto histórico da súa creación.
- Obxectivos fundamentais.

- Evolución ata a súa configuración actual como unión política e económica de 27 Estados membros.

## **1.2. Principais institucións da Unión Europea**

- Parlamento Europeo
- Comisión Europea
- Consello da Unión Europea
- Consello Europeo
- Tribunal de Xustiza da Unión Europea
- Tribunal de Contas Europeo
- Banco Central Europeo

Visualización do vídeo proposto

## **2. Os Fondos Europeos: Natureza e finalidade (aprox. 15 minutos)**

### **2.1. Concepto e razón de ser**

- Instrumentos financeiros destinados a promover a cohesión económica, social e territorial.
- Redución das desigualdades entre rexións.
- Impulso á competitividade, ao emprego e á transición ecolóxica e dixital.

### **2.2. Principais Fondos Europeos**

- FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional)
- FSE+ (Fondo Social Europeo Plus)
- FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural)
- FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura)
- Next Generation EU
- Cooperación Territorial Europea
- Erasmus+ e outros programas educativos
- Fondo de Transición Xusta

Farase referencia ao ámbito de actuación e aos obxectivos específicos de cada un destes instrumentos.

## **3. Aplicación dos fondos europeos na vila ou contorna (10–15 minutos)**

### **3.1. Exemplos de actuacións concretas**

Presentaranse coma exemplos actuacións desenvolvidas na vila do centro educativo ou na súa contorna que fosen financiadas con cargo a fondos europeos, explicando o seu impacto económico e social e o tipo de fondo.

### **3.2. Interacción co alumnado**

Establecerase un espazo para o diálogo e debate partindo do traballo previamente realizado no centro, co obxectivo de consolidar coñecementos e favorecer a participación activa e crítica do alumnado.